

RETRINCOS

Daniel Alfonso Rodríguez Castelao

LIMIAR

Cada vez que dou un mergullo na miña vida de debuxante, apaño retrincos deixados, que non tiveron realización plástica e que agora vou aproveitando, cando cadra, nos meus solaces literarios. Tamén atopo no valume de papeis vellos moitos retrincos esquecidos do meu pensamento, que recollo, amoroso, coma se fosen recordos dun irmanciño morto. Outras veces, un retrinco de papel faime cavilar no momento da vida en que foi escrito, e sorríome compasivo.

Cando estaba de practicante no Grande Hospital de Compostela encontreime unha noite de servizo no cuarto de socorro e leváronme un suicida moribundo. O coitado espichou alí e quedei só na súa compañía, cheo de medo e de respecto. Pero aquela impresión inspiroume o treito seguinte:

«Os mortos son uns preguiceiros. Cando non rexen coa vida derrúbanse, redondos, e fican estarricados nunha postura ridícula, e ás veces indecente. Caen de calquera xeito e non volven erguerse. Estou por dicir que paran os folgos e o corazón para repousar mellor. Serían capaces de quedar cos ollos abertos se unha man amorosa non llelos cerrase. Quedarían en cirolas e camisa se non os vestisen para recibir, dignamente, a derradeira visita dos veciños. Saben o desgusto que lle dan á familia e nin por esas espertan. Saben o que custa un enterro, e os nugalláns morren para sempre. Choran ao seu redor os fillos, a muller e a sogra, e eles seguen tesos. Lévanos fechados nunha caixa de madeira e non estremecen. Lévanos para apodrecer debaixo da terra e non protestan. A terra cómeos, e os preguiceiros consenten en perder a carne con tal de non volver á vida.

Abride amodo a caixa dun morto de sete anos e non atoparedes máis que os ósos e os zapatos; pero conservará a postura en que o deixou o enterrador».

Quen ollaría nesta burla os medos que papei na compañía dun morto?

Pois se fose cordo entregar ás letras de molde as miñas fraquezas, podería citarvos exemplos de meirande artificio; pero cada vida é unha novela que se perde, porque a alma ten máis pudores que o corpo e gusta de taparse con adobíos de imaxinación.

De todos os xeitos, hai retrincos en carne viva que poden amosarse tal como se conservan na memoria, e aínda convén certificar a súa autenticidade. Son esas cousas que lle pasan a un e que dá gusto que se crean cando se contan.

Por iso, eu ofrézovos hoxe uns anacos da miña vida e prégovos que os tomedes por certos e verdadeiros; pero se coidades que son mentiras, eu perdóovos por adiantado.

Pontevedra, 1934

O SEGREDO

Tiña eu once anos cando meu pai, que estaba na Arxentina, nos chamou cabo de si; e alá fomos embarcados, a miña nai e mais eu, nun paquebote alemán. E axiña de arribar a Buenos Aires pillamos un tren que corría moito e logo outro tren que corría pouco e despois un coche de cabalos que nos levou a tombos polo deserto da pampa. Naquela soidade plantara meu pai unha casa para facerse rico, cavilando sempre nos eidos nativos, e era forza pechar os ollos ao circio traballo en espera do retorno feliz.

A nosa casa era o centro comercial de dez leguas á redonda. Alí vendíamos de todo e alí mercabamos canto producía o país: la, coiros e plumas. O mostrador do comercio estaba defendido con reixas de ferro, porque na nosa casa —portelo obrigado de moitos vieiros— paraban decotío gauchos bravos, afeitos a embebedarse para aldraxarnos co coitelo na man.

Eu doíame de durmir enriba do mostrador, en compañía doutro dependente. Miña nai, a pobre, choraba de verse entre xentes sen relixión. E os dous, feridos de saudade, botabamos en falta a pobreza limpa dos meus avós, que xa se tornara azul diante da moura fartura do presente; e no fío en que os nosos ollos se avistaban, rebordaban en bágoas.

Un día chegou ao comercio un vello gaucha, vestido con enxebreza e engalanado con mil adobíos de prata. O seu cabalo rinchaba no palenque e os nosos cans ouveábanlle de firme.

- *Buen día, gringuito* —díxome ao entrar pola porta.

E cando viña en dereitura do mostrador bambeouse á maneira dun peón que morre e deseguida caeu, redondo, batendo a cabeza no chan, co petar xordo dun petador de chumbo.

Acudiron os homes da casa. O dependente sacou da faldriqueira un espello pequeniño, púxollo diante da boca e, vendo que non embazaba co alento, declarounos que o vello gaucha xa non era do noso mundo. E despois, sen ningunha oración, deitaron o morto enriba da mesa de billar, puxéronlle catro candeas acesas e deixárono só.

Meu pai dispuxo que o dependente saíse en procura do xuíz de paz, e logo enfrontouse con todos e díxonos que gardásemos segredo diante da miña nai. Un segredo tan grande non cabía no meu peito de neno, e axiña que o dependente se perdeu na distancia remaneceume o medo de durmir eu só no mostrador, entre tanto curruncho sombrizo, escoándose polas fendas do tabique lañado a luz do morto. Eu cismaba, cismaba, seguro de morrer de arrepío aquela noite, e a morte xa me parecía o xeito de liberarme do medo.

Chegou a noite, escura coma boca de lobo. Eu arelaba botar fóra de min, nun brado liberador, aquel medo abafante.

Ceamos, e despois de cear viñeron os contos de risa, que eu escoitei de moi lonxe, ensumido en min mesmo, esgotado de todas as forzas. E no punto en que para min chegaba xa a fin do mundo, preguntou meu pai, sorrindo con agarimo:

- Queres durmir connosco, rapaz?

Ai, a vida volveuse nunha branca labarada, e o meu corazón púxose a repenicar na táboa do peito.

Cando iamos deitarnos, os ollos da miña nai albiscaron nas tebras da noite unha fita de luz marela que se crebaba nunha morea de caixóns e barricadas.

- Anda, meu fillo, imos apagar a luz da sala de billar, que quedou acesa.

A derradeira palabra callouse nos beizos da miña nai porque eu me collín a ela, adoecido de espanto, e da miña gorxa rachada fuxiu un chío arrepiante que apuñalou o negrume do silencio.

Acudiron todos e todos se riron de min; soamente miña nai me esculcaba cavilosa.

A pobre, sentada no leito, preguntaba, preguntaba “Que facía alí aquela luz? Por que o rapaz pegou aquel chío de paxaro agoirento? Por que a luz seguía acesa? Que había alí?”.

Miña nai seguiu preguntando e meu pai ríndose dela facendo que se moqueaba das súas cavilacións; mais eu vin que de tanto falar da luz meu pai mesmo colleu medo. E despois de dúas ou tres horas funme quedando na lentura das sabas, e cando chegou o día xa fuxiran os medos todos.

Namentres vivimos naquel deserto, miña nai non se decatou de que calquera de nós podía morrer alí e podía ser soterrado coma un can. E eu souben gardar o segredo.

Compostela, 1909

O INGLÉS

Eu quixen asasinar un inglés, por patriotismo.

O caso aconteceu na Pampa Central da República Arxentina e no tempo da guerra de Cuba.

Era eu daquela un melado rapaz de doce anos, apouvigado pola morriña das paisaxes nativas, acabadas de deixar, e pola tristura dos campos en que me vin forzado a vivir.

As lendas e contos aprendidos na lareira paisana dos meus avós avivaran a miña imaxinación e déranlle azos á miña credulidade, de tal xeito que non soamente lles daba creto a todas as baballadas dos nosos periódicos, senón que as súas informacións parecíanme ruíns e cativas. Eu era, pois, un gran patriota belicoso, porque tamén a miña patria era grande e forte, como a dun inglés, como a dun alemán... A enxurrada patrioteira que levaba tantos e tantos emigrados á guerra de Cuba, levava tamén o meu pobre siso de neno.

Quizais o sangue mariñeiro dos meus devanceiros determinou en min aquela afervoadada preferencia polo noso poderío naval. E nas paredes da tenda do meu pai foron aparecendo, a maneira de carteis, os barcos da escuadra española, pintados da miña man.

Para representar mellor a fortaleza dos nosos navíos, sempre lles poñía dúas chemineas de máis, todas botando fume: un fume mouro, terriblemente tráxico. E logo, debaixo de cada barco, campaban letreiros fachendosos, ditados pola fogaxe patrioteira: “Ai do que se poña diante”. “Non hai quen poida”. “Para todos vós abonda un de nós”...

O inglés Don Guillerme viaxaba sempre con dous gauchos e moitos cabalos. Cada vez que baixaba das súas terras de Río Negro durmía na nosa casa. Era home de maneiras pouco fidalgas, e no cinto de coiro lucíalle sempre un revólver con mango de nácara: argumento terrible naquelas terras.

Cando Don Guillermo reparou nos meus debuxos, esmendrellouse de risa, e entón correspondín a tal ofensa con ditos alporizados que aumentaron a súa ledicia. Cómpre dicirvos que eu era de madeira de heroe ou de mártir, e para servir a miña patria tanto me daba matar coma morrer; mais o inglés —humor de lima xorda— turrábame polo xenio, volvíame tolo de carraxe, e despois burlábase dos meus deostos. Quen puidera facerlle comer aquel revólver de mango de nácara! Quen puidera ollalo morto, aberto en canal e pendurado!

Cantas veces pasou por alí Don Guillermo, tantas veces me fixo adoecer de carraxe; mais eu sabía que o triunfo da escuadra española daríame forzas dabondo para esmagar a fachenda daquel inglés nifroso.

Tamén adoitaba durmir na nosa casa un andaluz garuleiro, tan patriota coma min. O andaluz sabía sempre moito máis do que contaban os periódicos, e as súas trapalladas eran despois as armas con que eu combatía o inglés. Un día bisboume que estaban arrombando o submarino Peral; pero que o Goberno non quería que se soubese.

Eu xurei gardar o segredo, e non puiden cumprir o xuramento. O inglés tanto me fixo enfadar, burlándose dos nosos barcos, que nun lampo de xenio descubrín todo:

- Pois eu dígolle que xa se poden poñer en contra de nós todas as escuadras do mundo xuntas, porque... porque estamos arrombando o submarino Peral.

O desastre de Santiago de Cuba derrubou as miñas ilusións, e non sería doado describir agora o infindo desespero en que me vin asolagado. Por aqueles días pasou o inglés, e doído quizais da miña tristura xa non se burlou dos meus barcos; pero feriume con estas palabras sarcásticas:

- Agora tendes a escuadra submarina máis grande do mundo...

Endexamaís dixera Don Guillermo semellante cousa, pois no mesmo intre decidín asasinalo. A onda rubia non deixaba acougar a miña imaxinación, e por adiantado gorenteí as regalías do crime. Nada podía arredarme de luxar as mans: era en ben da miña patria, asoballada pola desgraza.

Ouh, o plan criminal era do demo! No fío das dúas da noite entraría de esguello no apousento do meu amigo. Andando amodiño, no bico dos pés, chegaría cabo do leito

e de súpeto, zas!, espetaríalle un coitelo na gorxa. Eu vía saír o sangue do inglés, a cachón; eu ollei como espernexaba para morrer, e nin o máis lene remorso abalou a miña conciencia.

Aquela noite deiteime cos ollos ben abertos, apreixando na man o coitelo de matar os carneiros. O reloxo do comercio tardou tanto en dar as dúas que fun vencido polo sono...

Cando espertei batía o sol no lombo da pampa. O inglés salvárase de milagre.

Rianxo, 1914

PEITO DE LOBO

Aínda eu era estudante cando se criou no meu maxín a idea de facer un cabezudo, e como na mocidade todo semella ledó e factible, busquei o tipo máis laido da vila para que todos os veciños escachasen de risa, sen facerme cargo da miña falta de caridade.

Traballei de firme para rematar a obra, que xa tiña sona, polo meu creto de mañoso, e xa figuraba en letras de molde no programa de festas.

E chegou o día. Na praza non collía unha agulla. No adro da igrexa, un rapaz toco portaba un feixe de foguetes debaixo do brazo, e o fogueteiro sopraba na mecha, agardando a primeira badalada das doce.

De súpeto, tanxeron os sinos, estalaron os foguetes e unha “ben afinada banda” rompeu a tocar. A cousa xa non tiña remedio. Saíu o meu cabezudo e no mesmo intre a xente escachou a rir, como facía nas comedias de monicreques.

- É Peito de Lobo! É Peito de Lobo!

E entón nun curruncho da praza xurdiron chíos feridores de mulleres que non daban atafegado un orneo que chegou a min como un tremor de terra. Era Peito de Lobo que quería esnaquizarnos: o cabezudo e mais a min.

Co medo que papei non puiden gorentar o carneiro da festa. A cousa non era para menos. Peito de Lobo nunca quixo poñerlles man aos fillos por medo de romperlles os ósos, e contan que unha vez, querendo botar un barco ao mar, afundiulle o costado co

lombo. Era moito home para min, que xa me sentía esfaragullado nas súas poutas de ferro.

No remate da comida, e cando miña nai comezaba a dar grazas a Deus por tanto ben como nos dera, velaí aparece diante de min a muller de Peito de Lobo. - Pois... eu véñolle dicir que se garde do meu home! Vostede é o pecado, señor! Eu xa lle preguntei: “Pero ti, home, onde te puxeches para que che tirase tan ben?”. E o pobre non fai máis que dicir: “As espullas heillas de dar eu a el!”, porque, mire, señor, o que máis o magoou foi que lle imitase as espullas do nariz.

Aquela tarde limpei de espullas o nariz do cabezudo. Peito de Lobo, preso na casa pola súa muller e polo medo de matar un home, acochouse cediño, ollando dende o leito como os foguetes de luces tinguían de prata, ouro, verde e rosa, as paredes caleadas, escoitando o son esvaído da música e o estourar dos fogos. E canso de bulir no leito, quedouse coma un santo.

Pasaron meses e un bo día atopeime con Peito de Lobo no peirao da ribeira. En canto puxo os ollos en min virouse de costas e chantou a mirada no mar. E xulgando que xa non quería comerme as entrañas, arrisqueime a falarlle. E despois dunha leria raposeira quedamos amigos.

No segundo ano Peito de Lobo apañou tal carpanta de anís cristalizado que bailou co cabezudo na praza, e dáballes bicos e apertas, e chamáballes “meu irmanciño”.

No terceiro ano saíu o cabezudo con espullas no nariz, cousa que fixen por mandado do mesmo Peito de Lobo.

Dende entón o meu amigo considerouse un pouco inmortalizado.

Fuxiron os anos e fuxiron as sardiñas para os xeiteiros. Peito de Lobo envelleceu de tempo e de fame. As festas viñeron a menos, como os quiñóns dos mariñeiros; mais o cabezudo aínda saía, un pouco estragado polos tratos ruíns que lle daba o sancristán.

Hai dous anos estaba un forasteiro ollando o cabezudo con ese ollar dos que van ás festas e non se divirten, cando Peito de Lobo se achegou a el, paseniño, e dándolle co cóbado deitou quedíño na súa orella:

- Fixese no cabezudo e repare en min. O cabezudo son eu.

Coma se nacesse destinado a ser unha cabeza grande de cartón, Peito de Lobo ollaba no cabezudo a súa fortaleza pasada, a súa esvaída popularidade.

O cabezudo non volveu saír. O sancristán puxo enriba da cabeza de cartón o tombo dos defuntos, e coa humidade do inverno cedeu e quedou esmagada. Peito de Lobo tampouco non volveu saír. Un “aire de perlesía”, deixouno tolleito, e cómpre dicirvos que lle deu o mal no mesmo intre en que o cabezudo foi vencido polo tombo...

O ano pasado pasei diante da casa de Peito de Lobo. Que tristura me deu! Estaba no balcón sentado, semellante a un monifate de farrapos, recostado no corpo da súa compañeira. De pasada saudeino con agarimo. Peito de Lobo miroume con ollos de peixe podre, e a súa muller díxome con bágoas nos ollos:

- Alá se foi o cabezudo, señor!

Praceres, 1918

O RETRATO

Por amainar a conciencia guindei co meu título de médico no fondo dunha gabeta, e busquei outra maneira de me valer. As xentes xa non sabían que eu era dono de tan tremenda licenza oficial; mais unha noite foron requiridos os meus servizos.

Era domingo. Melchor, o taberneiro, agardaba por min ao pé da porta. Deume as “boas noites” e rompeu a chorar, e por entre os saloucos saíanlle as palabras tan estrulladas que soamente logrou dicirme que tiña un fillo a morrer.

O pobre pai turraba por min, e eu deixábame levar, enfeitizado pola súa dor. Despois de todo eu era médico titulado e non podía negarme! E tiven tan fortes desexos de compracelo que sentín xurdir nos meus adentros unha gran ciencia.

Cando chegamos á casa de Melchor logrei arriarme das súas mans, e con finxida coita confeseille que sabía pouco da carreira...

- Repara en que hai moitos anos en que non visito enfermos.

E entón Melchor, facendo un esforzo, díxome quedo:

- O meu filio xa non precisa de médicos. Eu xa sei que o coitado non pasa da noite. E váiseme, señor; váiseme e non teño ningún retrato seu!

Ai, eu non fora chamado como médico; eu fora chamado como retratista, e no intre sentín ganas acedas de botarme a rir.

E por verme ceibe de xeira tan macabra díxenlle que unha fotografía era mellor ca un deseño, asegúreille que de noite poden facerse fotografías, e botando man de moitos razoamentos logrei que Melchor largase de min á cata dun fotógrafo.

A cousa quedaba arrombada, e funme durmir, con mil ideas ensarilladas na chola.

Cando estaba prendendo no sono petaron na miña porta. Era Melchor.

- Os fotógrafos din que non teñen magnesio!

E díxomo tremendo de anguria. A face albeira, e os ollos coma dous tetos de carne vermella de tanto chorar. Endexamais fitei un home tan desfeito pola dor.

Pregaba, pregaba, e collíame as mans e turraba por min, e o malpocado dicía cousas que me rachaban as entrañas:

- Considérese, señor. Dous riscos de vostede nun papel e xa poderei ollar sempre a cariña do meu neno. Non me deixe na escuridade, señor!

Quen tería corazón para negarse! Collín papel e lapis, e alá me fun con Melchor, disposto a facer un retrato dun rapaz moribundo.

Todo estaba quedo e todo estaba calado. Unha luz cansa alumeaba, en amarelo, dúas facianas arrepiantes que ventaban a morte. O neno era o centro daquela pobreza da materia.

Sen dicir ren senteime a debuxar o que ollaban os meus ollos de terra e soamente ao cabo dalgún tempo conseguín afacerme ao drama que fitaba e aínda esquecelo un pouco, para poder traballar afervorado, como un realista. E cando o deseño estaba xa no seu punto, a voz de Melchor, agrandada por tanto silencio, feríume con estas palabras:

- Pola alma dos seus defuntos, non mo retrate así. Non lle poña esa cara tan encoveirada e tan triste!

Confeso que ao volver á realidade non souben que facer, e púxenme a repasar as liñas xa feitas do retrato. O silencio foi esgazado novamente por Melchor:

- Vostede ben sabe como era o meu rapaciño. Faga memoria, señor, e debúxemo rindo.

De súpeto naceume unha grande idea. Rachei o traballo, ensumín o meu ollar nun novo papel branco e debuxei un neno imaxinario. Inventei un neno moi bonito, moi bonito; un anxo de retablo barroco, a sorrir.

Entreguei o debuxo e saín fuxindo, e no intre de poñer o pé na rúa sentín que choraban dentro da casa. A morte viñera.

Agora Melchor consólase ollando a miña obra, que está pendurada enriba da cómoda, e sempre di coa mellor fe do mundo:

—Tiven moitos fillos, pero o máis bonito de todos foi o que morreu. Velaí o retrato que non mente.

Pontevedra, 1922

SABELA

Cando eu andaba no estudo era un mozo das romarías, bailador e divertido. Non había festa na vila, nin nos arredores, onde non aparecese danzando coma un peón escaravelleiro. Ai, aqueles vales, aquelas mazurcas, aquelas polcas e aquelas habaneiras!

Entón, o agarradiño aínda era un pecado venial, e bailabamos con tino, para que os vellos non refungasen.

As mozas acoirazaban o corpo con xustillos e non consentían o arrimo; pero recendían a roupa gardada con mazás e a carne lavada con xabón de rosas. Os mozos bailabamos por darlles gusto ás pernas, e contentabámonos co ulido...

Había na vila unha rapaza do meu tempo, xeitosa de corpo, feitiña de cara, leda de xenio, traballadora de condición, pescantina de oficio e limpa de conduta; pero picante nos dicires...

As súas palabras tiñan o labio salgado dos mariscos. Os dicires escintilaban contentamento, e nos seus arredores non podía medrar a tristura. A risa facíalle goios de amor nas fazulas, poñíalle pintiñas de malicia nos ollos e brillo de nácara nos dentes. Os andares, arfados e velaíños, facían no aire ronseis de graza. Andaba descalza, e os engados da súa carne non tiñan segredo para os ollos de ninguén. Os pés lenes, as pernas brancas, os brazos redondiños. O corpo era un gran corazón pregado. Cantaba coma un xílgaro e bailaba coma un argadelo.

Era a rapaza máis fermosa da vila, e dábase conta do seu poderío. Escarolábase, burlona, cando os señoritos forasteiros lle facían a rosca e revíase, compasiva, cando os mozos do seu igual criaban o pasmo.

Ela gustaba de contar na ribeira os perigos en que se metía, e as pescas estordegábanse de risa cos ditos da rapaza, que descubría, de miúdo, todas as súas enchoiadas amorosas. Ela gustaba de acender fogueiras e logo apagalas, e nos seus feitizos de serea morrían os fumes dos señoritos e as olladas dos mozos mariñeiros. Era dona de si e viviu sempre ceibe de murmuracións.

Nos días de festa parecía outra. A saia longa, a chamma de flores, o pano de oito puntas. Unha lazada verde na trenza do pelo. A cara con certo aire de señoritinga. Os andares coutados, por mor dos zapatos... Ata bailar tres veces non xurdía na súa face a risa escachada dos días soltos. No retorno da festa entraba na casa cunha cantiga nos beizos e cos zapatos na man.

A primeira vez que bailei foi con ela.

Eu dedicábame, nos meses de vacacións, á vida de gandaina, e cando me fixen mozo quixen ser un tunante; pero non sabía bailar de modo. Eu reloucaba por aprender ben o agarradiño e lucirme nas romarías; pero non lles daba xeito ás pernas.

Unha noite atrevínme:

— Queres que botemos esta polca?

— E ti sabes?

— Imos ver.

A rapaza comprometeuse a ensinarme, e eu pagáballe coa miña ledicia de estudante. Empecei dando voltas á dereita. Ela levábame... «Agora dous pasiños de lado». «Agora outra volta». «Dálle máis aire ao corpo». «Non saímos do sitio!». «Ai, que burro! ». «Así, home, así». «Agora vai ben».

Pouco a pouco fun aprendendo, e non tardei en bailar vales e mazurcas con certa mestría. Despois xa me fixen bailador e aproveitaba todas as ocasións; pero afeito á miña compañeira non tiña gusto en bailar con outras. De remate, os dous fixemos unha das mellores parellas.

A rapaza e mais eu estabamos unidos polo baile. Ela seguía burlándose dos namorados, e eu ría, a cachón, cos seus ditos. Queriámonos ben; pero non sentiamos desacougos amorosos. Se chegase a poñer ollos na súa fermosura burlaríase de min coma dos demais.

Con todo, a miña nai reprendíame:

— Ti non es para comparar coa Sabela. Por que non bailas con todas? Sempre coa mesma, sempre coa mesma! Pois nin ti lle fas favor a ela nin ela cho fai a ti .

— Baila moi ben, sabe, miña nai?

— Bailará; pero ela é unha pesca e ti es un estudante. O baile é cousa do demo e Sabela é unha boa rapaza. Pobre de ti como non a respectes.

Miña nai, coma todas as nais, coidaba que o seu fillo era un Tenorio; pero a honradez de Sabela gardábase detrás de catro muros de cantería.

Marchei da vila cangado cun título universitario, e as preocupacións do meu vivir arredáronme das troulas. Perdín a mocidade, fíxenme home; o baile chegou a parecerme cousa de parvos, e hai moitos anos que nin tan sequera vexo bailar.

Do tempo de estudante non gardei un recuncho para as lembranzas de romaría, e Sabela esvaéuseme da memoria.

Cando se proclamou a República, lanceime á política e saín deputado das constituíntes. A miña vila quixo agasallarme e alá fun eu.

Desembarquei baixo o estrondo das bombas e entre o entusiasmo dos vellos amigos, que acugulaban o peirao e a ribeira. O azougamento non me deixaba camiñar, e se sodes sentimentais comprenderedes a miña emoción, porque a vila natal non é coma todas as vilas.

Cheguei á casa de meus pais, e na beira da porta vin unha muller... Era gorda de ventre, de pernas e de brazos; a cara inflada e vermella; a boca sen dentes; a postura de regateira.

Miroume, fite a fite, cos ollos mergullados en bágoas, e ao pasar a carón dela bisboume con voz estremecida estas palabras:

— Meu bailador!

Pontevedra, 1934